

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 20 de abril de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“6.- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA EXECUTAR AS ACTUACIÓNS CORRESPONDENTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO “PEDRA MOURA DE ALDEMUDE” INCLuíDO NO PARQUE DO MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE. APROBACIÓN DEFINITIVA**

**EXPEDIENTE:** 2023/U040/000002

**ASUNTO:** Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte. Aprobación definitiva.

**PROMOTOR:** Concello de Carballo

**REX. ENTRADA:** 202699900000731 de data 02/02/2026

**REDACTOR:** Isidro López Yáñez (arquitecto Colexiado nº 2261 COAG) e Beatriz Blanco Lois (enxeñeira técnica agrícola Colexiada nº 1909) como integrantes da entidade ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

**I. ANTECEDENTES**

- Solicitude municipal ao Rexistro da Propiedade de Carballo instando a expedición da certificación de dominio e cargas das parcelas incluídas no ámbito do proxecto de expropiación, de data 05/06/2025. Parcelas con referencia catastral:

15019A174000060000JZ, 15019A174000070000JU, 15019A174000080000JH, 15019A175000010000JF e 15019A175000020000JM.

- Certificación emitida pola rexistradora do Rexistro da Propiedade de Carballo o 09/06/2025 (registro de entrada do Concello núm. 20250000003499 do 04/07/2025) da que resulta que as fincas obxecto da expropiación non figuran inscritas neste.

- Presentación do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte, asinado por Isidro López Yáñez e Beatriz Blanco Lois como integrantes da entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., o 21/08/2025, núm. de registro de entrada no Concello 202599900005450.

- Informe de intervención de data 17/09/2025 de retención de crédito (RC) para o gasto derivado da expropiación e compra dos terreos do Parque Arqueolóxico do Megalitismo Costa da Morte, coa aplicación orzamentaria número 3360.60000 e número de operación 220250010643.

- Informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais de data 19/09/2025 propoñendo a aprobación inicial e a tramitación correspondente do proxecto de expropiación.

- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22/09/2025 apróbbase inicialmente o proxecto de expropiación, segundo o documento presentado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. en data 21/08/2025, núm. de registro de entrada 202599900005450.

- Sométese o proxecto ao trámite de información pública polo prazo dun mes mediante anuncios publicados: no taboleiro electrónico do Concello o 26/09/2025; nos xornais Ideal Gallego e Diario de

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2026/G007/000008

*Bergantiños o 27/09/2025 (ambos) e no Diario Oficial de Galicia o 21/10/2025 (núm. 203), xunto coas notificacións individualizadas aos titulares dos bens ou dereitos do mesmo, co traslado da folla de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración (último acuse recibido o 07/10/2025), segundo o establecido no artigo 118.3 e 118.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 293 do regulamento que desenvolve esta lei (Decreto 143/2016, do 22 de setembro).*

*En relación a este trámite, a Secretaría Xeral do Concello emite o 26/11/2025 certificación de exposición ao público co resultado de terse presentadas as seguintes alegacións:*

- *Rexistro de entrada nº 20250000005541 de data 07/10/2025 (finca nº 3).*
- *Rexistro de entrada nº 20250000005584 de data 09/10/2025 (finca nº 5).*
- *Rexistro de entrada nº 20250000005585 de data 09/10/2025 (finca nº 4).*
- *Rexistro de entrada nº 20250000006489 de data 09/10/2025 (finca nº 2).*
- *Con data 01/12/2025, núm. de rexistro de saída 20250000006904, remítese ao equipo redactor o certificado de exposición pública xunto coas citadas alegacións para a súa valoración.*
- *Con data 02/02/2026, núm. rexistro de entrada 20269990000731, o equipo redactor presenta o documento de aprobación definitiva do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte.*
- *Os servizos de intervención municipal o 08/04/2026 emiten informe actualizado (orçamento do 2026) de retención de crédito para o gasto derivado da expropiación e compra dos terreos do Parque Arqueolóxico do Megalitismo Costa da Morte, coa aplicación orzamentaria número 3360.60000 e número de operación 220260002700, polo importe de 41.491,63 €.*
- *Os servizos técnico e xurídico municipais emiten o seu informe o 15/04/2026 propoñendo a resolución das alegacións e a aprobación definitiva do proxecto de expropiación coa continuación dos trámites pertinentes.*
- *O concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade, asina a proposta de acordo o 16/04/2026, no expte. 2040/U022/000002.*

**II. NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (RDL 7/2015).*
- *Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).*
- *Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF).*
- *Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa (RLEF).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*
- *Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).*
- *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT).*

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2026/G007/000008

- *Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, na Costa da Morte aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 2011 (DOG Núm. 205 do 26 de outubro de 2011).*
- *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).*

### III. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

#### III.1. CONTIDO DO PROXECTO. MODIFICACIÓNS RESPECTO DO APROBADO INICIALMENTE

O contido do proxecto que se somete a aprobación definitiva amosa grande coincidencia co aprobado inicialmente. As modificacións producidas debéronse á aceptación de tres das alegacións presentadas nas que se solicita a expropiación da superficie total das fincas número 3, 4 e 5 o que supón que a superficie total a expropiar pase de 7.241,00 m<sup>2</sup> a 10.856,00 m<sup>2</sup>. Esta modificación implica, como é lóxico, un incremento do total da valoración da expropiación que pasa de 27.675,10 € a 41.491,63 €, así como das fincas nas que se produce o incremento da superficie afectada pola expropiación que son as nº 3, 4 e 5. Debido a estes cambios que se reflicten no apartado 4 da memoria do proxecto e nas follas de prezo xusto individualizado das fincas 3, 4 e 5 resultan os seguintes datos principais do proxecto que se somete a aprobación definitiva:

- Superficie total a expropiar: 10.856,00 m<sup>2</sup> de terreos clasificados como solo rústico de especial protección patrimonial (SRPP).
- Outros bens afectados: segundo consta no proxecto, non hai outros bens afectados a parte do solo.
- Referencias catastrais, titulares catastrais e superficie obxecto de expropiación de cada finca:
  - Finca 1: 15019A175000010000JF - María Josefa Cabeza Pallas - Sup.: 2.418 m<sup>2</sup> (100%).
  - Finca 2: 15019A175000020000JM - José Mallo Pallas - Sup.: 2.540 m<sup>2</sup> (100%).
  - Finca 3: 15019A174000060000JZ - Indalecio Vilariño Pombo - Sup. : 1.899 m<sup>2</sup> (100%).
  - Finca 4: 15019A174000070000JU - Carmen Mallo Reigía - Sup.: 1.642 m<sup>2</sup> (100%).
  - Finca 5: 15019A174000080000JH - José Cabeza Traba - Sup.: 2.357 m<sup>2</sup> (100%).
- Valor unitario do solo (forraxe e herba): 3,64 €/m<sup>2</sup>
- Valor total do solo: 39.515,84 €
- Premio de afección (5% valor): 1.975,79 €
- Valor total incluído o 5% do premio de afección: 41.491,63 €

#### III.2. INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

Durante o período de información pública presentáronse catro escritos de alegacións correspondentes aos titulares das fincas 2, 3, 4 e 5. As alegacións respecto das fincas 3, 4 e 5 amosan un contido moi similar e por isto trátanse de forma conxunta.

«III.2.1. Escrito de ALEGACIÓNS referente á finca nº 2 (registro entrada 202599900006489).

##### Contido da alegación.

O alegante considera que estando asentado o dolmen precisamente na súa propiedade debe aumentarse o seu valor en 2 €/m<sup>2</sup> pasando de 3,64 €/m<sup>2</sup> a 5,64 €/m<sup>2</sup>. Aplicando este valor unitario á superficie da súa finca (2.540 m<sup>2</sup>) incrementado no premio de afección do 5% resulta un prezo xusto de 15.041,88 €.

### Informe de alegacións (apartado 10 do proxecto de expropiación).

O informe elaborado polo equipo redactor propón a desestimación desta alegación baseándose nos seguintes aspectos:

- A valoración que consta no proxecto fíxose en base aos criterios dispostos no RDL 7/2015 e no RVLS. En consecuencia o solo valórase pola situación de solo rural na que se atopa conforme os criterios do artigo 21 do RDL 7/2015 aplicando o método de capitalización das rendas reais ou potenciais que o terreo produce.
- O feito de que o dolmen se localice sobre a parcela do interesado non lle confire maior valor que ás outras que conforman o ámbito da expropiación. En aplicación do artigo 94.1. da LPCG o xacemento arqueolóxico xa pertence ao dominio público.

### Análise dos técnicos municipais

Compártense totalmente os argumentos anteriores, en especial o que se refire a que o dolmen xa é de dominio público e polo tanto non pertence ao titular da finca sobre no que se asenta e tampouco compre incluír na valoración. A este respecto cómpre considerar o disposto no artigo 94.1. da LPCG que se enuncia a continuación:

«1. Pertencen ao dominio público todos os obxectos, restos materiais e evidencias arqueolóxicas que posúan os valores que son propios do patrimonio cultural de Galicia e que fosen descubertos como consecuencia de escavacións ou de calquera outro traballo arqueolóxico sistemático, de remocións de terra ou obras de calquera índole ou de forma casual.»

Esta conclusión tamén encontra apoio nos artigos 40.1 e 44.1 da LPHE.

Respecto da valoración do terreo, resulta acada a doutrina da sentenza 555/2020, do 25 de maio, do Tribunal Supremo, que ven a dicir que cando se expropia por un concello un terreo onde se localiza un xacemento arqueolóxico procede a súa valoración «a través das normas ordinarias do procedemento de expropiación de que se trate, valorándose o terreo polo xurado de expropiación pola condición do solo».

Por outra parte, a valoración alegada pola propiedade non está sustentada en ningún informe pericial, nin en ningunha normativa de valoración aplicable para a situación de situación de solo rural, polo que non resulta admisible en contra da valoración axustada á normativa contida no proxecto expropiatorio.

Polo tanto propónse a **desestimación** desta alegación, respecto á valoración do terreo afectado.

Por outra parte, á vista da documentación achega sobre as defuncións do titular catastral e da súa dona, últimas vontades e testamentos respectivos dos causantes, cabe estimar e considerar como propietario do pleno dominio da finca indicada ao alegante, por título de herdanza, modificando en consecuencia a relación de titulares dos bens e dereitos afectados.

III.2.2. Escrito de ALEGACIÓNS referente ás fincas nº 3, 4 e 5 (rexistros de entrada 20250000005541, 20250000005585, 20250000005584).

### Contido das alegacións.

Nas tres alegacións solicítase a expropiación da totalidade da finca.

O escrito de alegacións da finca nº 3 presentouno Encarnación Cabeza Traba en representación da comunidade de herdeiros de Indalecio Vilariño Pombo. Para acreditar esta representación presenta un certificado de defunción do Rexistro Civil no que consta que esta persoa, que é o titular catastral da parcela, faleceu o día 26 de xaneiro de 2025. Nesta alegación arguméntase que se está utilizando para explotación forestal e que a superficie restante unha vez expropiada a porción proposta no proxecto aprobado inicialmente (857 m<sup>2</sup>) resulta antieconómica para manter a explotación e empregar medios mecánicos.

*Os argumentos referentes á finca nº 4 son similares aos da anterior coa diferenza de que se trata dunha finca de uso agrícola que quedaría con 785 m<sup>2</sup> e ademais quedaría sen acceso viario.*

*Na finca 5 arguméntase de que se trata dunha finca destinada a labores agrícolas que unha vez expropiada a franxa proposta no proxecto aprobado inicialmente quedaría sen acceso viario e que polo tanto sería imposible continuar coa explotación mencionada.*

*Informe de alegacións (apartado 10 do proxecto de expropiación).*

*O informe do equipo redactor propón a estimación das tres alegacións.*

*A aceptación baséase na aplicación do artigo 23 da LEF referente a que a ocupación de só unha parte das fincas rústicas ten como consecuencia que a conservación da parte da finca non expropiada resulta antieconómica para o propietario debido a que a superficie do terreo sobranse non alcanza a unidade mínima de cultivo. Ademais, esta parte sobranse tamén está afectada polo Proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte.*

*Non en tanto no referente á finca nº 3, non se achega a documentación que permita identificar aos herdeiros e que para corrixir este aspecto deberán achegar a escritura de partición da herdanza e no suposto de tratarse dunha herdanza sen partir deberán presentar certificado de últimas vontades do causante e testamento ou, no caso de non existir, declaración notarial ou xudicial de herdeiros.*

*Análise dos técnicos municipais.*

*Compártense os argumentos expostos e polo tanto propónse a estimación das tres alegacións no que se refire á expropiación da totalidade das fincas 3, 4 e 5, ao abeiro do artigo 23 da LEF.*

### **III.3. TRAMITACIÓN**

*Para o desenvolvemento do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte, aprobado no ano 2011 como instrumento de ordenación territorial, recollido no vixente PXOM do Concello de Carballo no que contén o ámbito de intervención do xacemento GA15019009, nomeado «Pedra Moura de Aldemunde» é necesario obter os terreos afectados por este. Para isto, a propia LOT contempla que poida executarse por expropiación forzosa.*

*Para a valoración dos bens afectados, o proxecto de expropiación aplica os criterios establecidos no Real decreto 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana e o Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).*

*A aprobación e tramitación desta expropiación urbanística está regulada nos artigos 118 da LSG e 293 do RLSG en relación co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF) e o seu regulamento.*

*Emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal competente.*

*A resolución aprobatoria do expediente notificaráselles aos interesados titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, outorgándolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.*

*En tal caso, darase traslado do expediente e a folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fixar definitivamente en vía administrativa o xusto prezo, que, en todo caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente ( artigo 118.7 da LSG).*

*Se os interesados non formulasen oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 118.8 da LSG).*

*Os erros non denunciados e xustificados no prazo sinalado no apartado 2º deste artigo non darán lugar a nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma en que corresponda.*

*O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados (artigos 118.10 da LSG).*

*O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto ( artigo 118.11 da LSG).*

*O artigo 52.6 da LEF establece que efectuado o depósito e abonada ou consignada, no seu caso, a previa indemnización por prexuízos, a Administración procederá a inmediata ocupación do ben de que se trate (...) o que deberá facer no prazo máximo de quince días.*

### **III.4. ÓRGANO COMPETENTE**

*O artigo 3.4 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa establece que “4. Cuando expropie la Provincia o el Municipio, corresponde, respectivamente, a la Diputación Provincial o al Ayuntamiento en pleno, adoptar los acuerdos en materia de expropiación que conforme a la Ley o a este Reglamento tengan carácter de recurribles vía administrativa o contenciosa. En los demás casos, la representación de estas entidades corresponde al Presidente de la Diputación y al Alcalde, sin perjuicio de la competencia del Gobernador civil en el supuesto regulado por el artículo 18 de la Ley general. Estos principios no serán de aplicación en cuanto las normas de régimen local o de urbanismo, a que se refiere el artículo 85 de la Ley, establezcan criterios especiales de competencia “. O artigo 85 da LEF determina que “Las expropiaciones que se lleven a cabo por razón de urbanismo y las que en cualquier caso realicen las entidades locales, se ajustarán a lo expresamente dispuesto en la Ley de Régimen Local y demás aplicables, y en lo no previsto en ellas, al contenido de la presente, con las modificaciones siguientes. (...)”.*

*O expediente de expropiación mediante taxación conxunta encádrase na LSG no título IV, de execución do planeamento, capítulo VI, sistemas de actuación, artigo 118, como un instrumento de xestión urbanística, cuxa finalidade é materializar a ordenación prevista no planeamento.*

*A actuación a realizar implica o exercicio da potestade expropiatoria por parte do Concello de Carballo, como entidade local territorial conforme ao disposto no artigo 4.1.d da LBRL, artigo 6.1.f) da LALGA e artigo 2.1. da LEF, que establece a atribución desta potestade aos concellos para o cumprimento das finalidades que lle son propias, como nese caso é a execución dunha actuación urbanística prevista no PXOM.*

*A LBRL, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

*A STS 4731/2023, do 08 de novembro, en canto ao órgano competente en materia expropiatoria considera que “no aparece expresamente mencionada en ninguno de los apartados de los arts. 21 ó 22 de la LBRL, dedicados a enumerar las materias atribuidas respectivamente al alcalde y al pleno, ni cabe incluirla, de forma nítida ni excluyente, en ninguno de dichos apartados, siendo entonces obligado acudir a la cláusula residual de atribución de competencia que la propia legislación de régimen local nos proporciona. Esta cláusula residual se contempla en el art. 21.1.s) LBRL y atribuye tal competencia residual al alcalde”.*

*En virtude da resolución da Alcaldía de data 13/10/2025 (BOP 30/10/2025) sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, corresponde a este órgano por ter delegadas -entre outras- atribucións referidas «A facultade de expropiación en expedientes de natureza urbanística, no relativo á aprobación inicial, a resolución de alegacións e a aprobación definitiva.»*

*A Xunta de Goberno Local, a vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante a resolución número 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:*

*Primeiro.- Resolver as alegacións formuladas no período de información pública do seguinte xeito:*

*1.1.- Desestimar a alegación formulada respecto da finca nº 2, referencia catastral 15019A175000020000JM, no escrito presentado o 09/10/2025 (núm. rexistro entrada 202599900006489), no relativo á valoración do terreo afectado, polos motivos seguintes:*

- a) A valoración que consta no proxecto fíxose en base aos criterios dispostos no RDL 7/2015 (TRLIS) e no RVLIS. En consecuencia o solo valórase pola situación de solo rural na que se atopa o xacemento conforme os criterios do artigo 21 do RDL 7/2015 aplicando o método de capitalización das rendas reais ou potenciais que o terreo produce.*
- b) A valoración alegada polo interesado non está sustentada en ningún informe pericial, nin en ningunha normativa de valoración aplicable para a situación de situación de solo rural, polo que non resulta admisible en contra da valoración axustada á normativa contida no proxecto expropiatorio aprobado inicialmente.*
- c) O feito de que o dolmen se localice sobre a parcela do interesado non lle confire maior valor que ás outras que conforman o ámbito da expropiación. En aplicación do artigo 94.1. da Lei 5/2016, do Patrimonio cultural de Galicia (LPCG) o xacemento arqueolóxico xa pertence ao dominio público tal como expresa este artigo citado: «1. Pertencen ao dominio público todos os obxectos, restos materiais e evidencias arqueolóxicas que posúan os valores que son propios do patrimonio cultural de Galicia e que fosen descubertos como consecuencia de escavacións ou de calquera outro traballo arqueolóxico sistemático, de remocións de terra ou obras de calquera índole ou de forma casual.»*
- d) A valoración do terreo a expropiar no que localiza o xacemento arqueolóxico debe facerse pola condición de solo, e a valoración alegada pola propiedade non está sustentada en ningún informe pericial, nin en ningunha normativa de valoración aplicable para a situación de situación de solo rural, polo que non resulta admisible en contra da valoración axustada á normativa contida no proxecto expropiatorio aprobado inicialmente.*

*1.2.- Estimar a alegación en canto á titularidade da finca nº 2, en virtude da documentación achegada referida á defunción, últimas vontades e testamentos do titular catastral causante e da cónxuxe (pai e nai do interesado), e consideralo propietario afectado por título de herdanza, modificando neste aspecto a relación de bens e dereitos.*

*2.- Estimar as alegacións relativas ás superficies afectadas das fincas 3, 4 e 5, en base ao previsto no artigo 23 da LEF, formuladas nos seguintes escritos:*

- Rexistro de entrada nº 202500000005541 de data 07/10/2025 (finca nº 3).*
- Rexistro de entrada nº 202500000005585 de data 09/10/2025 (finca nº 4).*
- Rexistro de entrada nº 202500000005584 de data 09/10/2025 (finca nº 5).*

*Segundo.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta, redactado pola sociedade Estudio Técnico Gallego S.A., para obter os terreos de protección necesarios para executar as actuacións previstas no contorno do xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no instrumento de ordenación territorial nomeado proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de setembro de 2011 e recollido (DOG 26/10/2011) e recollido no vixente PXOM do Concello de Carballo, no que se contén o ámbito de intervención do xacemento GA15019009.*

*Terceiro.- Ter por declarada a utilidade pública dos bens e dereitos afectados segundo o instrumento de ordenación territorial e o proxecto expropiatorio aprobado, así como a necesidade de ocupación dos terreos.*

*Aprobar a seguinte relación de bens e dereitos afectados.*

FINCA	APELIDOS	NOME	D.N.I.	REFERENCIA CATASTRAL	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE TOTAL (m <sup>2</sup> )
1	CABEZA PALLAS	MARIA JOSEFA	***5014**	15019A17500010000JF	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO	2.418	2.418
2	MALLO PALLAS	JOSE		15019A175000020000JM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO	2.540	2.540
3	VILARIÑO POMBO	INDALECIO (HERDEIROS)	***9571**	15019A174000060000JZ	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	1.899	1.899
4	MALLO REIGIA	CARMEN	***5015**	15019A174000070000JU	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	1.642	1.642
5	CABEZA TRABA	JOSE	***9621**	15019A174000080000JH	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	2.357	2.357

*Cuarto.- Notificar o acordo adoptado ás persoas interesadas titulares dos bens e dereitos afectados, conferíndolles un prazo de vinte días (20) durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. De non manifestar a súa desconformidade no prazo sinalado de 20 días, entenderase determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade (artigo 293.8 do RLSG). En caso de desconformidade, darase traslado do expediente e da folla de aprezo impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia.*

*Quinto.- No caso de que non se formule oposición á valoración no citado prazo de 20 días, entenderase aceptada a fixada no expediente aprobado, entendéndose determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade (art. 118.8 da LSG).*

*Sexto.- O acordo de aprobación definitiva do expediente de expropiación por taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co artigo 118.10 da LSG e a ocupación comportará a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal (artigo 293.10 do RLSG).*

*Sétimo.- Autorizar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga de pago por importe de 41.491,63 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3360.60000, código de proxecto 2023-4-3360-1-1, nº de operación 22060002700, en concepto de prezo xusto do proxecto de expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos necesarios para executar as actuacións previstas no contorno do xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» de acordo cos titulares indicados no apartado terceiro.*

*As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.*

*O pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 de artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo. Unha vez pagado o xusto prezo ou, no seu defecto, consignado o prezo poderase facer efectiva a ocupación dos terreos.*

*Os documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados pódense presentar no servizo de urbanismo en horario de 9 a 14 h en calquera momento anterior ao día que se fixe para o levantamento das actas de pago/consignación.*

*Oitavo.- Convocar os titulares dos bens e dereitos afectados polo procedemento expropiatorio, na Casa Consistorial, sita na Praza do Concello, o día 21 de maio de 2026 ás 11:00 horas co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida da ocupación dos devanditos bens e dereitos afectados. Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente; o que terá lugar en presenza dun representante da Administración expropiante, e do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Carballo ou da persoa en quen delegue.*

*Noveno.- Publicar, no seu caso, o acordo no Boletín Oficial do Estado aos efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación por ser descoñecidos, ignorarse o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se houberse podido practicar.*

*Décimo.- Notificar, no seu caso, o presente acordo ao Ministerio Fiscal para os efectos establecidos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, en relación cos propietarios descoñecidos e os non comparecentes no procedemento expropiatorio.*

*Undécimo.- Publicar a convocatoria para o pago do importe da valoración establecida e levantamento da acta de ocupación de conformidade co disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.*

*Décimo segundo.- Dar conta do presente acordo ao Pleno do Concello para o seu coñecemento e tramitación, no seu caso, da inclusión dos bens e dereitos afectados por este expediente expropiatorio no Inventario Municipal de Bens, e posterior inscrición rexistral dos bens obxecto de expropiación coa correspondente actualización catastral respecto da súa configuración e titularidade.*

*Décimo terceiro.- Dar traslado aos departamentos de intervención e tesourería aos efectos pertinentes."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

O alcalde